

PAGO TAXAS

Debido á utilización cada vez máis frecuente do pago telemático de taxas académicas oficiais, procederemos a facer as seguintes aclaracións:

- “O servizo de pago telemático de taxas e prezos é unha aplicación web integrada na OV Tributaria” (Oficina Virtual Tributaria).
- O servizo de pago telemático de taxas permite realizar a autoliquidación de taxas e prezos no ámbito da CCAA de Galicia. Poderá realizar a xestión por vía telemática ou presencial”.
- O enderezo da web é <http://ovt.atriga.gal/>

MODELOS E FORMAS DE PAGO DE TAXAS

- **MODELO A** Impreso autocopiativo de pago que aínda poden dispor deles oficinas bancarias autorizadas e nalgunhas secretarías dos centros de estudos respectivos. O procedemento neste caso é totalmente *PRESENCIAL*
- **MODELO A1** Impreso que se descarga da web e procederáse a facer o pago de xeito presencial como no **MODELO A**
- **MODELO 731** Cúbrese os datos do impreso na web e logo de imprimilos, o pago presencial faise como no **MODELO A**
- **MODELO 730** Pago telemático puro (cúbrese os datos por internet e faise o pago via telemática.
Neste caso, unha vez feito o pago telemático o navegador descargará o xustificante **MODELO 730** e logo deberá presentalo na secretaría do seu respectivo centro docente.

Indicar que unha vez feito o pago e antes da descarga do **MODELO 730**, a aplicación xerará un “RECIBO DO PAGO CON TARXETA”. **En ningún caso** este recibo será xustificante de pago de taxas para presentalo no centro. Con os datos deste recibo, terán que volver a aplicación e xerar o **MODELO 730** que será o que entregarán.

SUBDIRECCIÓN XERAL DE CENTROS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN